- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 26/11/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS					
Imposto sobre construcións, instalacións e obras		32,01 €			
Licenzas urbanísticas		8,22 €	TOTAL Ingresar/Devolver..... 0,00 €		
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA					
Cota complementaria	40,23 €	Cota Autoliquidada	40,23 €	Diferenza	0,00 €

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LICENZA DE OBRA Nº 192/05

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar de planta soto e planta baixa.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFº CATASTRAL: 15074A821002970000ZS.

SITUACIÓN: Lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: Mª Teresa Sañás Cadabal e Alberto Castro Gude.





PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 16.3.04.

AUTOR/A PROXECTO: Francisco Calvo Pérez.

NOVA DOCUMENTACIÓN: Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 28.9.15.

AUTOR/A PROXECTO: Juan Antonio Millán Figueirido.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 170.000,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por M^a Teresa Saíñas Cadabal, solicítase en escrito rexistrado de entrada na data 3.11.04, (Rexistro de entrada nº 21.211), licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar de planta soto e planta baixa no lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira, achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 16.3.04 redactados por Francisco Calvo Pérez.

2.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.2002, publicado no B.O.P. de data 14.01.2003 e no D.O.G. do 20.03.2003, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 7.4.05, por unanimidade acorda conceder a licenza municipal nº 192/05 a M^a Teresa Saíñas Cadabal **LICENZA DE OBRAS Nº 192/05** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SOTO E PLANTA BAIXA** no lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 16.3.04 redactados por Francisco Calvo Pérez.

4.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 15.3.07, por unanimidade acorda conceder unha prórroga de 6 meses da **LICENZA DE OBRAS Nº 192/05** a M^a Teresa Saíñas Cadabal concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7.4.05.

5.- Posteriormente en escrito rexistrado de entrada na 13.11.15, (Rexistro de entrada nº 11.791), por M^a Teresa Saíñas Cadabal e Alberto Castro Gude solicítase a modificación da licenza municipal de obra nº 192/05, achegándose Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 28.9.15 redactado por Juan Antonio Millán Figueirido.

6.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe favorable na data 23 de novembro de 2015 facendo constar que:

“

(...)

Se informa favorablemente.”





FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17/12/02, publicado no B.O.P. de data 14.01.2003 e no D.O.G. do 20.03.2003, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

Segundo.- O artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (no sucesivo LOUGA), dispón que están suxeitos a previa licenza municipal os actos de edificación e uso do solo e do subsolo, tales como, entre outros, as obras de nova planta.

Terceiro.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 195 da LOUGA no que se esixe que coas solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, con exemplares para cada un dos organismos que deban emitir informe sobre a solicitude. Asemade, para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A estes efectos no expediente consta Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 28.9.15 redactado por Juan Antonio Millán Figueirido.

A petición da modificación da licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da documentación no rexistro do Concello, ó tratarse de obra maior.


Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Quinto.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, ao informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 23 de novembro de 2015, e ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 26/11/2015, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER á M^a Teresa Saíñas Cadabal e Alberto Castro Gude a **MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRAS Nº 192/05** para **CONSTRUCCIÓN DE**






VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA en parcela con refª catastral nº 15074A821002970000ZS no lugar de Listres, Mouráns, Aguiño, Riveira, , nos termos do Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 28.9.15 redactado por Juan Antonio Millán Figueirido:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudo Básico de Seguridade e Saúde, visados polos Colexios Oficiais correspondentes.***

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscaís. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*






- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So produción efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 30/11/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS				
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	4.420,00 €			
Licenzas urbanísticas	43,13 €			
		TOTAL Ingresar/Devolver.....		4.463,13 €
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA				
Cota complementaria		Cota Autoliquidada		Diferenza

- **PAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO** (Art. 62 da L-G.T. 58/2003 de 17 de decembro)

a) *Recibida a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ambos inclusive:*

Ata o día 20 do mes seguinte.

b) *Recibida a notificación entre os días 16 e último de cada mes, ambos inclusive:*


Ata o día 5 do 2º mes posterior á notificación.

c) *Se tales días fosen inhábiles, ata o inmediato hábil seguinte.*

Transcorridos os ditos prazos sen efectuar o ingreso, procederase ao seu cobro por vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20% e demais gastos de execución.

VIII.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.





IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Visto o expediente que se tramita a instancia de **Andrés Benito Pazos Gago**, mediante escrito de data 20/01/2011 (Rexistros de entrada nº 689), no que solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de planta baixa, planta primeira, e baixocuberta construída ao amparo da licenza nº 532/04, na Rúa Mestre Lorenzo Mene Trabadell nº 38, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3243953NH0134S0001TH.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 12/11/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral de Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/11/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Andrés Benito Pazos Gago **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta baixa, planta primeira, e baixocuberta, sita na Rúa Mestre Lorenzo Mene Trabadell nº 38, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3243953NH0134S0001TH, construída ao amparo da licenza de obra nº 532/04, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14.10.04, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5.10.10 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de A Coruña de data 22.9.10, asinados polo Arquitecto Miguel A. Abad & Antonio Deus e polo Arquitecto Técnico Domingo J. Vidal Álvarez, da **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5.10.10 así como do **Xustificante do Catastro de Alta no IBI**.

Segundo.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Terceiro.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





Así mesmo, segundo liquidación complementaria de tributos efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 30/11/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE TRIBUTOS					
Taxa primeira ocupación de vivenda según ordenanza fiscal en vigor		18,21 €	TOTAL Ingresar/Devolver0,00 €		
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA					
Cota complementaria	18,21 €	Cota Autoliquidada	18,21 €	Diferenza	0,00 €

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.


SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

1.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 04/12/2015, en relación á convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores durante o ano 2016 da Deputación da Coruña. (BOP nº 221, de data 18/11/2015).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o desenvolvemento de actividades no marco do Programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais interesadas na realización de





programas de envellecemento activo para as persoas maiores durante o ano 2016. (BOP nº 221, de data 18/11/2015), por importe máximo de 3000 €.


- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

2.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 04/12/2015, en relación á convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de Servizos Sociais no ano 2016 da Deputación da Coruña. (BOP nº 221, de data 18/11/2015).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o Programa de Axuda no Fogar - Prestación Básica do Concello de Riveira, destinado a persoas ou unidades de convivencia , que de acordo coa valoración da/o coordinador do programa, supoña un recurso idóneo de atención tales como persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, e outros colectivos en situación de vulnerabilidade sen apoios no seu contorno inmediato, por importe máximo de 45.000,00 €.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.





- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

3.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 04/12/2015, en relación á convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2016, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 221, de data 18/11/2015).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para un Programa de Coeducación destinado a alumnado de diversas idades, a través dos centros educativos de Riveira, por importe máximo de 40.000,00 €.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

4.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 30/11/2015, en relación á convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento dos servizos de normalización lingüística durante o ano 2016, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 221, de data 18/11/2015).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:






- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento das retribucións da técnica do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2016, por importe de 12.000,00 €.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir antes do 28 de abril de 2017, ás 14:00 h a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

5.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 27/11/2015, en relación á convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2016, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 221, de data 18/11/2015).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o Conservatorio Profesional de Música de Riveira, por importe de 20.000,00 €, que se destinará a financiar os gastos de funcionamento e de persoal.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir antes do 28 de abril de 2017, ás 14:00 h a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

A Presidencia levanta a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 3 de decembro de 2015

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral



Manuel Ruiz Rivas



Juan Manuel Salguero del Valle

